

E. Fernández Rei (2008): “Algúns aspectos da prosodia nos medios de comunicación”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 247-255.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## ALGÚNS ASPECTOS DA PROSODIA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Elisa Fernández Rei

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

### Introdución

Os medios de comunicación audiovisual en galego desenvolven un importante labor de difusión do estándar e, especialmente, do modelo de pronuncia, de aí que xa se teñan analizado aspectos orais da fala utilizada neles (vid. por exemplo Regueira 1994, 1997). Polo que atinxe de maneira particular á prosodia, en Fernández Rei (2004) tamén se lle dedican algunhas liñas á discusión sobre o estándar prosódico e á contradición que esta denominación acocha, pois, por unha parte, con frecuencia críticacase a prosodia e a entoación que aparece nos medios de comunicación e adoita recomendarse a elaboración de indicacións ou orientacións sobre a pronuncia axeitada no nivel prosódico, pero, por outra parte, o estudoso deste campo é consciente da terrible dificultade técnica que suporía codificar un estándar prosódico. Cabería, ademais, unha pregunta: aínda que fôsemos quen de formalizar as normas de entoación do galego, ¿cales serían os modelos que propoñeríamos? Teríamos dificultades para determinarmos cales son os modelos non espurios e para decidirmos cales son os que non están contaminados polo castelán.

Hoxe propono botar unha ollada ao comportamento da entoación nos medios de comunicación en galego<sup>1</sup> a través das realizacións dalgúns dos seus locutores. Deste

---

1 Este traballo é resultado en boa medida do traballo desenvolto, xunto coa foniatra Dra. Elisa Lois, nos cursos personalizados de prosodia e voz para locutores da Compañía da Radio e Televisión de Galicia. Agradézolle especialmente a Paulino Novo, responsable de formación desta empresa, o material que me forneceu, así como as facilidades proporcionadas.

xeito, recollo exemplos dos recursos que utilizan e intento poñelos en relación cos mecanismos utilizados na lingua popular. Así mesmo, subliñarei os usos que considero abusivos ou que desde o meu punto de vista lle restan autenticidade á lingua utilizada, así como os que penso que son menos axeitados, pois van en detrimento do obxectivo comunicativo para os que foron creados.

## O modelo oral dos medios de comunicación

Como sabemos, a fala empregada nos medios de comunicación presenta certas características peculiares que a afastan da fala corrente. Isto fai que, moí especialmente, a prosodia se vexa afectada, dado que é un dos principais recursos que o locutor ten ao seu dispor para chegar a quen o está escoitando (sobre todo na radio, pero tamén na televisión). Continuamente, os xornalistas buscan o modo de que a súa forma de expresarse non sexa monótona, sexa atractiva para o espectador, comunique axeitadamente a información que está a transmitir, etc., aínda que, polo xeral, non son conscientes dos recursos que están empregando nin das regras que con frecuencia respectan ou en moitos casos infrinxen.

Ás veces que o locutor sexa falante nativo de galego non é garantía de que a súa prosodia sexa avaliada polos lingüistas ou académicos como correcta ou apropiada, pois con frecuencia están máis influenciados polo estilo que en conxunto predomina na radio e na televisión que polos modelos que adquiriu naturalmente no ámbito familiar. Claro está que estes locutores teñen unha boa base na lingua popular e que hai moitos outros aspectos da súa pronuncia que contribúen á autenticidade da fala resultante; porén, moitas veces tamén atopamos locutores que son falantes nativos de galego, que na conversa informal ou coloquial teñen unha pronuncia de fonda base popular, pero que unha vez que se poñen ante un micrófono soltan a áncora que os unía á fala de seus pais e adoptan un “estilo”, ou “acento” se se quere, que para moitos oídos soa artificial ou mesmo semellante ao de calquera neofalante.

O arriba exposto non quere dicir que os locutores non estean interesados en utilizar unha fala próxima á tradicional, pois moitos deles reclaman axuda para conseguiren que a súa pronuncia sexa considerada como correcta polos máis puristas e que o seu galego soe a galego. A dificultade do problema estriba en que as distintas realizacións van conformando de feito un determinado estilo do que non é responsable ninguén individualmente, nin hai propiamente un personaxe que pretenda propagalo, pero que existe e que se vai “contaxiando” duns presentadores a outros, en boa medida de maneira inconsciente. Algúns deles, cando lles pregunto que percepción teñen da

súa propia entoación, téñenme comentado que non se notan raros, que non desentoan no conxunto, e isto é algo positivo para eles lóxicamente.

## Os xéneros televisivos e radiofónicos

Poderíamos facer unha clasificación dos distintos xéneros radiofónicos e televisivos en xéneros monoloxais e non monoloxais, por unha parte, e xéneros nos que se adoita ler as noticias redactadas previamente e outros nos que o habitual é que as intervencións sexan improvisadas. Estes dous parámetros teñen especial relevancia para a entoación, pois o grao de espontaneidade, por exemplo, pon en funcionamento recursos prosódicos moi próximos aos utilizados na fala común, mentres que a lectura, pola contra, presenta un grao de formalización prosódica moi alta. Así mesmo, tamén hai que tomar en consideración que na radio, fronte ao que ocorre na televisión, o único que lle chega ao receptor é a voz do emisor, polo que neste medio a entoación cobra aínda máis relevancia.

En todo caso, hai determinados tipos de programas que case se poderían identificar exclusivamente pola entoación, como por exemplo os deportes ou os informativos. Non dispoñemos agora de espazo para tratarmos pormenorizadamente a prosodia dos distintos formatos ou programas, pero si faremos referencia, cando nos sexa posible pola información coa que contamos, a aqueles recursos ou aspectos que aparecen con maior frecuencia nuns xéneros ca outros

## A segmentación das unidades prosódicas

Existe unha relación directa entre a organización do texto desde o punto de vista informativo e a entoación. A entoación non só cumpre unha función distintiva en tanto que nos permite opoñer distintas modalidades oracionais, senón que tamén desempeña unha función delimitadora: divide o texto en unidades ás que lles corresponde un determinado contorno de entoación e que lle permiten ao emisor outorgarlles un determinado significado e establecer relacións entre elas; este mecanismo empregado polo emisor facilítalle enormemente o traballo de decodificación ao receptor (vid. p.ex. Prieto 2002:37 e ss.). Desta maneira, nun contexto de comunicación como o que estamos analizando, este aspecto é de suma relevancia, pois habitualmente transmítense unha grande cantidade de información en pouco tempo.

Os textos segméntanse en unidades de entoación: cando estas coinciden con unidades de sentido falaremos de unidades de entoación maiores; tamén é posible

fragmentar as unidades de sentido noutras máis pequenas, de maneira que se constrúen unidades de entoación menores. O emisor utiliza unha serie de marcas tonais que aparecen ao final destas unidades de entoación que principalmente indican se a unidade de sentido está completa ou se a unidade que vén a continuación é necesaria para completar o significado.

Una marca inequívoca de continuidade, muy perceptible y utilizada sobre todo en los medios de comunicación hablados, consiste en la elevación tonal de la última sílaba tónica por encima de la tónica anterior, contraviniendo el descenso natural de cualquier enunciado aislado (declinación) (Regueira 2002:306).

En xeral, observamos unha certa tendencia a que os locutores rompan este principio, de xeito que agrupan baixo un mesmo grupo de entoación dúas unidades de sentido completas ou mesmo independentes ou inclúen marcas tonais de continuidade ao final das unidades de sentido completo.




FIGURA 1. Curva de entoación<sup>2</sup> de “Galicia vai contar cun plano estratéxico de prevención de riscos laborais. Anunciouno o presidente da Xunta no Parlamento. A súa posta en marcha para o primeiro semestre do ano que vén”<sup>3</sup>.

- 2 As oracións aparecen separadas por ocós para que sexa máis fácil de interpretar o gráfico, pero só entre a segunda e a terceira oración hai pausa. É unha curva estilizada: só se dá un valor por cada unha das sílabas (tomado da zona máis estable de cada vogal).
- 3 Transcrición fonética: [ga'liθja βaj koŋ'tar kum 'plano estra'tefiko ðe preβeŋ'θjoŋ de 'riškoz laβo'rajs anũ'θjowno: preβi'ðeŋte ða 'juŋta no parla'mẽŋto / a sɔ 'poβta ŋ 'mar'ʎa pro pri'mejro ŝe'meʃtre 'ðwano ke βeŋ]

Nesta noticia, lida nun telexornal pola presentadora, temos tres oracións independentes sintacticamente que se corresponden con cadansúa unidade de sentido tamén independente. Por tanto, estaríamos ante tres unidades de entoación maiores, que se caracterizan normalmente por teren unha inflexión final descendente ata a base tonal do falante; así mesmo, as dúas últimas deberían presentar, ademais, unha recuperación de F0 no seu inicio, que marcase o comezo dunha nova unidade de entoación. Porén, na figura 1 comprobamos que as dúas primeiras oracións rematan nunha inflexión ascendente e só a última ten un contorno final descendente; así mesmo, tampouco hai unha recuperación do ton ao inicio das dúas últimas. Por outra parte, as marcas tonais de continuidade utilizadas tampouco son as descritas en Regueira (2002, vid. cita supra). Globalmente esta curva de entoación recorda máis á dunha enumeración, onde os termos que a compoñen van quedando en suspensión ata que chega o último que a finaliza e a completa<sup>4</sup>.




FIGURA 2. Curva de entoación estilizada de “[En San Lázaro asistimos á imaxe tantos anos agardada,] o adestramento da Selección Galega de Fútbol / Vintecatros futbolistas / coas ausencias de Michel Salgado e do mancado Borja Oubiña exercitáronse [baixo a atenta mirada dos dous seleccionadores, Arsenio Iglesias e Fernando Vázquez]”.

4 Obsérvase tamén a énfase sobre “estratéxico” e “prevención”, na primeira oración, que se manifesta a través de picos tonais sobre as sílabas tónicas. Así mesmo, tamén se produce a focalización de “primeiro” na última oración utilizando o mesmo mecanismo.

Non pretendo dicir con isto que a lectura máis apropiada ou a única posible sexa aquela con inflexións descendentes e recuperación inicial do ton, pois seguramente non sería a máis adecuada desde o punto de vista comunicativo. Probablemente o obxectivo da locutora ao lle dar esa entoación ao texto é que a locución gañe ritmo e rompa dalgún xeito coa entoación común, para que deste xeito aumente a súa carga informativa; así mesmo, a propia composición do texto está encamiñada tamén a transmitir a información de xeito pouco ortodoxo, rachando en parte as normas da narración. Está claro que esta é unha finalidade perfectamente lícita e ata poderíamos convir en que o recurso empregado podería ser apropiado, pero o problema é normalmente que este recurso que tenta romper co convencional acaba estendéndose de maneira case sistemática ao resto da locución, de xeito que perde a súa funcionalidade inicial e convértese nunha nova convención, propia da lectura de noticias ou, no mellor dos casos, na entoación característica dun determinado locutor.

Na figura 2 presentamos un exemplo de deportes, onde volvemos a estar ante unha segmentación anómala do texto: neste caso falta unha marca de continuidade que debería aparecer. O primeiro contorno de entoación debería ser final, pois remata a primeira unidade de sentido, pero, como vemos, aínda que hai un descenso notable sobre a sílaba átona final, observamos un ton alto sobre a última tónica do grupo de entoación e a mencionada caída sobre a átona final non alcanza a base tonal do falante (que está próxima aos 90 Hz). O seguinte grupo, “vintecatros futbolistas”, si ten unha inflexión final ascendente indicando que ten continuidade no seguinte grupo, “coas ausencias de (...) Borja Oubiña”. Con todo, o máis interesante é o límite entre suxeito e o predicado, nos dous últimos grupos de entoación, pois o normal é que haxa unha inflexión ascendente, pero hai un marcado descenso sobre a átona final (compárese coa átona final do primeiro grupo), como se fose o final dun grupo de entoación maior. Pero se fose o límite entre dous grupos de entoación maiores, o seguinte debería comezar cunha recuperación do ton que non se produce.

Estes problemas de segmentación adoitan aparecer porque os locutores buscan a variedade na entoación e intentan fuxir tanto da entoación monótona como da repetitiva, pero moitas veces a busca restrínxese unicamente ás inflexións finais, deixando desatendido o resto do contorno. A explicación é que nesa parte reside a parte máis importante do significado transmitido pola entoación e, por conseguinte, é a parte onde as variacións tonais se perciben máis claramente.

Finalmente, na figura 3 vemos un exemplo de dificultade para a correcta interpretación da mensaxe como consecuencia de non respectar as regras de segmentación. É imposible sabermos, a pesar de que hai unha pausa entre *Galicia* e *en Ferrol*, se a fundación de Caixa Galicia está en Ferrol ou se é en Ferrol onde os máis novos van poder practicar a actividade á que fai referencia na noticia. O primeiro grupo de

entoación remata cunha inflexión tonal ascendente que indicaría continuidade, polo que poderíamos interpretar que *en Ferrol* é o complemento circunstancial da oración anterior, pero entre *en Ferrol* e o suxeito da seguinte oración non hai ningún corte na entoación, polo que pertencerían ao mesmo grupo de entoación e, por conseguinte, parece que estaríamos ante un circunstancial desta oración.




FIGURA 3. Curva de entoación de “aquí nesta fundación Caixa Galicia/en Ferrol/os máis novos (...)”

## Recursos prosódicos para a focalización

Na fala corrente observamos que un dos recursos máis empregados para focalizar un elemento é a aparición dun pico tonal asociado ás sílabas pretónicas da palabra resaltada e a continuación unha caída importante do ton (Escourido 2007). Os locutores dos medios adoitan utilizar este recurso, se ben non sempre ten finalidade focalizadora, senón que moitas veces é unha simple énfase sobre as palabras, de xeito que mesmo atopamos que os picos aparecen case de maneira regular (vid. figura 2).

Na figura 4 reproducimos unha curva de entoación sen estilizar dunha noticia dun telexornal, onde como vemos aparecen focalizados “responsabilidades” e “as sabotaxes”<sup>5</sup> e a marca tonal asociada son dous máximos tonais sobre a primeira sílaba de cada un dos elementos focalizados e a subseguinte caída do ton. Aínda que non temos feita ningunha valoración cuantitativa, a nosa impresión é que esta marca tonal é máis

5 Tamén aparece un pico tonal en “non se repitan”, pero non se percibe como focalización, senón máis ben como énfase sobre a negación.

frecuente nos medios que a outra marca posible, que sería a aparición dun máximo tonal sobre a tónica: vid. por exemplo na figura 1, onde no último grupo de entoación aparece focalizado “primeiro” e atopamos un pico tonal asociado á tónica e o máximo sobre a postónica.




FIGURA 4 Curva de entoación de “A Consellería de Sanidade pediu RESponsabilidades para que NON se repitan AS sabotaxes desta mañá” (en maiúscula as sílabas sobre as que aparecen os picos tonais).

## Conclusións

En xeral, observamos unha tendencia nos medios a violar certas regras, como son as marcas tonais que indican a segmentación do texto en unidades maiores e menores de entoación. Este mecanismo está dirixido fundamentalmente a que a locución gañe ritmo, a romper cunha entoación excesivamente monótona ou plana. Con todo, estes recursos ás veces utilízanse de maneira indiscriminada, afectando á comprensión do texto, ou de xeito abusivo, de modo que o intento de evitar a monotonía se converte nunha entoación distinta, pero igualmente reiterativa e pouco variada.

A violación dunha determinada regra non é algo que sexa criticable en si mesmo, senón que se trata dun recurso que mesmo pode ter un alto valor comunicativo. Porén, como con calquera outro recurso, hai que saber administralo axeitadamente: en primeiro lugar, non debería interferir co significado e en segundo lugar, o abuso de determinados mecanismos prosódicos pode desgastar o valor que posuían cando foron creados e iniciar unha nova rutina.

## Bibliografía

- Escourido Pernas, Ana Belén (2007): “Aproximación ao estudo da focalización no galego”, in Elisa Fernández Rei, Manuel González González e Begoña González Rei (eds.): *Actas do III Congreso de Fonética Experimental*, Santiago: Xunta de Galicia, pp. 261-277.
- Fernández Rei, Elisa (2004): “O estándar prosódico”, in Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 97-125.
- Prieto Vives, Pilar (2002): *Entonación. Models, Teoria, Mètodes*, Barcelona: Ariel.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1994): “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de Lingua* 10: 37-60.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1997): “Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega”, in Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Oxford: Oxford Centre for Galician Studies, vol 1: 179-194.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2002): “Acerca de la estructura prosódica del texto: final de enunciado en gallego”, in Jesús Díaz García (ed.): *Actas del II Congreso de Fonética Experimental*, 301-306, Sevilla: Universidad de Sevilla.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2004): “Estándar oral”, in Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 69-95.